

# Opinión Hoxe

opinion@galicia-hoxe.com

PENSADORES DE HOXE

## A filosofía en feminino



MARCELINO AGÍS VILLAVERDE



MARIÀ XOSÉ AGRA ROMERO, CATEDRÁTICA DE FILOSOFÍA MORAL E POLÍTICA DA USC, CON MARCELINO AGÍS VILLAVERDE

No primeiro andar da Facultade de Filosofía da USC, apousentada despois de moitas reviravoltas na histórica praza de Mazarelos, están penduradas as orlas de todas as promocións. A primeira destas promocións en acadar a licenciatura en Filosofía e Ciencias da Educación remata no ano 1978, en plena transición.

Maria Xosé Agra Romero, actualmente Catedrática de Filosofía Moral e Política da USC, é unha das cinco mociñas que quedou inmortalizada en branco e negro nesa primeira orla, paritaria, por certo. María Xosé fálame das peregrinacións por distintos espazos da universidade compostelá que viviu aquela nacente facultade, logo de segregarse da outra más antiga de Filosofía e Letras.

Recibiron aulas primeiro nos espazos cedidos pola Facultade de Medicina. Despois trasladáronse ó moi nobre Pazo de Fonseca, onde xa estiveran temporalmente as titulacións de Económicas e Farmacia. Os filósofos e filósofas foron os derradeiros en impartir e recibir docencia naqueles espazos que hoxe dan acubillo biblioteca xeral e a outros servizos comúns.

E, malia non ser a sede definitiva, María Xosé Agra remata os seus estudos de Filosofía no edificio da avenida de Xoán XXIII, anexo daquela Escola Universitaria de

### O fervedoiro de ideas e soños ó abeiro da chegada da democracia condiciona e moito a especialización de María Xosé Agra no eido da Filosofía Moral e Política

Maxisterio, onde eu a coñecín como profesora de Filosofía Política. Se cadra, por iso, téñoa asociada ós grandes nomes da Filosofía Política: Rousseau, Hobbes ou Montesquieu. Lin as súas obras para cumplir coas esixencias do programa da súa materia, é certo, pero fixeno con verdadeira paixón e respecto verbo da-

queles filósofos que pensaran arreona organización social da nosa liberdade.

Maria Xosé foi, xa que logo, das primeiras filósofas que saíu do forno da Facultade de Filosofía. Mais ¿que lle fai estudar Filosofía? É probable que algo tivera que ver iso que Ortega chamou a "circunstancia". Estudou o bacharelato no Instituto Rosalía de Castro da súa Compostela natal, onde tivo como profesor de filosofía a Gonzalo Anaya, un dos impulsores da renovación pedagógica en España. Naqueles anos, a ditadura de Franco daba os seus últimos estertores e había, de certo, grande expectación e inquietanzas políticas entre mozos e menos mozos.

O fervedoiro de ideas e soños que naceu ó abeiro da chegada da democracia condicionaría e moito a especialización de María Xosé Agra

no eido da Filosofía Moral e Política, das teorías da xustiza e da teoría crítica feminista. De primeiras, tira cara á ética, pescudando na súa memoria de licenciatura as achegas de Geoffrey J. Warnock, representante da filosofía moral anglosaxoa e filósofo crítico coa visión analítica.

No ano 1981, María Xosé participará no primeiro número da Revista Ágora. *Papeis de Filosofía*, da Facultade de Filosofía compostelán, cun breve artigo en galego sobre Warnock. Dous anos despois, os seus amores filosóficos tiñan mudado e encara no número 3 da Revista a análise do concepto de xustiza en John Rawls. Un autor ó que consagrará a súa tese de doutoramento dirixida polo profesor José Montoya.

De esta extensa investigación arredor de Rawls nacerá o seu primeiro libro: *J. Rawls: o sentido da xustiza nunha sociedade democrática* (1985). Un libro que demostra, en primeiro lugar, que os temas tradicionais da filosofía moral e política (igualdade, liberdade, dereitos, lei, autoridade) non morreran, no ámbito anglosaxón, afogados polo neopositivismo. Había vida alén das reflexións sobre a linguaxe dos neopositivistas.

Filósofos como Rawls viñan demonstrar, en opinión de María Xosé, que xa non se trata de dicir o que é o home senón o que pode chegar a ser, consonte as distintas concepcións da moral e da política. Un pensador liberal, crítico co utilitarismo, que nos vai legar unha das obras clásicas da filosofía política do século XX: *A Teoría da Xustiza*, publicada no ano 1971.●

## CRÓNICAS BÁRBARAS

### Conto progresí



MANUEL MOLARES DO VAL

queridos nenos e nenas: durante varios séculos desenvolvestes a vosa imaxinación con contos estúpidos, puritanos e clasistas de princesas adorables e príncipes azuis, personaxes que deben desaparecer da nosa sociedade onde o principal é a igualdade de xénero. Xa abonda de contos machistas de Brancaneves, a Cinsenta ou o Gato con Botas. Debemos censuralos. O noso Goberno subvencionará os contos igualitarios facendo desaparecer as princesas dos irmáns Grimm, Andersen ou Perrault para convertelas en príncipes. Ademais, nin sequera necesitamos antigallas falsamente medievais. Fixádevos nas ministras deste Goberno, exemplo ideal para os novos contos: son as princesas temporáneas.

Están aí porque son fillas da aristocracia socialista, casos Bibi Aído e Leire Pajín, ou da francesa, como as vicepresidentas.

### Chégase por herdanxa, non real senón por militancia

É dicir, pódese chegar ós palacios hereditariamente, só que en lugar de vir dunha familia real procedese da militante.

Fronte ás princesas e príncipes puros, virxinais e desfasados, nós subvencionamos a liberación sexual regalando condóns, abortos e cursos de igualdade impartidos por donas e donos dos sex-shops. Para que reciban pracer.

Conforme vaidades sendo adolescentes ou adultos, en lugar de facervos estudar de verdade ou de darvos traballo como ós ananíños de Brancaneves, porémosvos no PER, a algúns farémosvos mileuristas e ós fillos de membros do Partido seguimos nomeándoos príncipes e princesas. Para que ler os contos tradicionais, tan reaccionarios, se o noso post socialismo é tan atractivo como o palacio de Brancaneves? Ten mesmo a súa bruxa, imaxinádevos quen é.

Volvamos a Aído e Pajín, algunha delas é a princesa ou son as medias irmás da Cincinta? Elixirán casar con outra princesa ou cun príncipe? A imaxinación infantil dá para moito. Benvidos, nenos, ó novo conto progresí.●

DÍA A DÍA

## No seu día (II) Falsos temores sobre a Enfermidade de Párkinson



PLÁCIDO LIZANCOS SANTOS

fai exercicio ou actividades de manteemento, vaise anquilosando e atrofiando cos anos que pasan para TODOS. OS ENFERMOS PRECISAN, POLO MENOS, O DOBRE DE ACTIVIDADE FÍSICA E MENTAL.

PENSAR QUE A ENFERMIDADE DE PÁRKINSON NON ACORTA AS PERSPECTIVAS DE VIDA. Di a literatura médica que non se coñecen as causas desta enfermidade pero todos estes pacientes teñen en común unhas características de personalidade tales como a seriedade, a honestidade, autoexigencia, a meticulosidade, a laboriosidade, a aceptación de normas e leis, a moral ríxida, o conservadorismo, unha vida sexual convencional e monogámica, a responsabilidade, o baixo goce lídico e espontáneo da vida; mágoa que non se dediquen a política.

Pásmese agora ó ver ós parkinsons

famosos, pero teña presente que tanto o padecen os pobres como os ricos, os profesores universitarios como os analfabetos, os criminais como os santos; estas son as personalidades que o padeceron: Xoán Paulo II (Papa); Michael J. Fox (actor); Franco; Henry Head (médico neurólogo); Dalí (pintor); Hitler; Clasius Clay (boxeador); Richard Dunn (astrofísico); Jack Dempsey (deportista); Yasser Arafat (político); Igor Mitzovich (ballet); Mao Thse Tung (político); León XIII (Papa).

A causa desta enfermidade é un misterio. Os científicos levan case dous séculos investigando sobre ela. Entre estes investigadores temos en Galicia a un grupo de licenciados, que recorde agora, Dr. José Andrés Sánchez Molina; Olalla, Lalo, Miguel, Ángel e algún máis,

que, *gratis et amore*, baixo a dirección do Dr. Miguel Ángel Fernández del Olmo, do Departamento de Educación Física e Deportiva da Universidade da Coruña, coa colaboración da Consellería de Economía e Industria persegue coñecer o efecto que o exercicio físico ten sobre os doentes de Párkinson.

E para rematar un recordo orlado de admiración e afecto para D. José María Pujalte, Presidente da Asociación Párkinson Galicia-Coruña. A Parca levounolo de súpeto, hai uns días, cando estaba preparando os actos deste día mundial do Párkinson. Foi exemplo nos últimos anos, coa enfermidade que el tamén padecía, de cooperación e axuda para os familiares e enfermos de párkinson. Foi un home bo e xeneroso que seguirá velando pola Asociación desde o alén.●